

# Proxecto EPÍSTOLA



**Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal**  
**Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Xosé Filgueira Valverde do**  
**07/11/1974**

**Colección:**

**Data:** 07/11/1974

**De:**

Valentín Paz-Andrade;

**Para:**

Xosé Filgueira Valverde;

**Orixe:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Destino:**

Pontevedra (municipal), Pontevedra (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada ]

**Localización física:**Arquivo familiar Paz Andrade

**Temáticas:**

*Castelao artista*; Pintura;

**Mencionados:**

Castelao;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Xosé Filgueira Valverde do 07/11/1974**

[Vigo] 7 nov. 1974

Sr. Don Xosé F. Filgueira Valverde  
Director do Museo de Pontevedra  
Pontevedra

Querido José Fernando:

Póñoome a che mandar estas liñas matinando en que Castelao, botando os ollos por riba do meu lombo, estame a mirar o que escribo. E estase a rir, con aqueles ollos decote veados na terra que o furaban todo. Aínda aquilo que os demais ao mellor nin viamos.

Van as nove estampas publicadas en Galicia, o xornal que eu dirixín e do que Alfonso foi pouco menos que a i-alma. Coido que son as únicas da serie de «As Mulleres», que escomenzara a promediar co a dos «Homes», cuios orixinales lle entreguei pra facer a primeira impresión en libro e que non tornaron ao meu poder.

Coido que «As Mulleres», n-este caso, non se fan de menos ao lado dos «Homes». Cando trazóu estes rascaños de mestre riscaba sin dubida nas suas mellores horas de dibuxante, tanto da figura como da comedia human. Como non quixeches que enmarcara por miña conta os dibuxos, ti farás n-este orde o que mellor atines, que para iso eres o Director da Casa.

Perdóame a demora, pol-as moitas tarefas que me envolven e recibe a máis cordial aperta de teu sempre amigo incondicioal,

[Valentín Paz-Andrade]

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.